



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

**METEOGALICIA**

*Informe climatolóxico*

*Mes de decembro 2009*

# **INFORME CLIMATOLÓXICO**

## **MES DE DECEMBRO 2009**



## **1.- Resumo**

### **Mes chuvioso e frío en toda a Comunidade**

O mes de Decembro estivo caracterizado pola gran variabilidade no tempo. Esta variabilidade foi ocasionada pola circulación meridional, que deixou períodos de sur, con temperaturas altas e chuvias, moi seguidos de entradas de aire frío con tempo máis seco pero temperaturas baixas. Estes últimos períodos predominaron sobre os primeiros para deixar unha media de temperatura baixa para o mes de decembro. Porén os intensos períodos de chuva dos días máis cálidos deixaron un mes húmido en toda a Comunidade. Os primeiros 10 días do mes corresponderon a circulación do sur, e polo tanto estiveron caracterizados por temperaturas suaves e chuvias en xeral en toda a Comunidade. O período máis chuvioso foi o correspondente ós días 5 e 6, particularmente nesta última data. Os días 10 e 11 tivo lugar unha transición entre a situación de sur e a situación de norte, e non entanto disfrutamos de tempo seco, soleado e con altas temperaturas, que localmente chegaron a rozar ou superar os 20°C. A partir do 12 o tempo seguiu sendo seco, pero as temperaturas descenderon bruscamente ata o día 16, cando a chegada dunha fronte dende o sur ocasionou chuvias e un período de temperaturas algo máis suaves. O choque destas dúas masas de aire provocou a aparición de neve en cotas baixas na madrugada do 16. Na xornada do 18 novamente chegou aire frío e seco a Galicia que tivo a súa culminación na madrugada do 20, cando os termómetros descenderon en puntos de alta montaña por debaixo dos -10°C, rexistrándose xeadas en xeral en toda a Comunidade. Na xornada do 21 tivemos un novo choque de masas de aire: frío preexistente e máis cálido que chegaba dende o sur, provocando polo tanto a aparición de neve tamén en cotas baixas. A partir do 22 a circulación foi en xeral do sur, co conseguinte aumento nas temperaturas e aparición de chuvias, que nos días 27, 28 e 29 foron particularmente intensas. Nesta última xornada a inestabilidade atmosférica propiciou a formación dun tornado nos arredores de Santiago de Compostela. A cota de neve descendeu por debaixo dos 1000 metros de altura novamente na derradeira xornada do ano.

### **Temperaturas:**

As temperaturas foron baixas en xeral en toda a Comunidade. A media das temperaturas quedou marcada polo tanto polos períodos fríos que vivimos na segunda e terceira semana do mes. Apareceron as xeadas que non tiveramos en Novembro, destacando os 11 días con temperaturas mínimas por debaixo dos 0°C en Lugo.

### **Chuvias:**

Ó contrario que as temperaturas, o mes no tocante ás precipitacións queda marcado polos períodos de circulación do sur, que foron particularmente chuviosos. Destacan os valores de chuva acadados os días 5 e 6 e tamén os do período 27, 28 e 29.



## 2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI) (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

### CIS FERROL

	DECEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.0	11.5	13.7 (1989)	9.0 (1975)
Tª mínima media	7.0	8.9	11.3 (1989)	6.0 (1975)
Tª mínima absoluta	-0.9 (día 20)	0.6 (25/12/2001)		
Tª máxima media	13.0	14.1	16.1 (1989)	12.0 (1975)
Tª máxima absoluta	19.8 (día 11)	25.6 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	167	115-133	400 (1978)	21 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	17	15	25 (1981)	5 (2001;88)

#### Comentario:

*Mes moi frío tendo en conta as temperaturas máximas, mínimas e medias cunha diferenza de máis dun grado por debaixo dos seus valores agardados.*

*A precipitación rexistrada supera o rango normal, polo que o mes pode considerarse “moi húmido” O número de días de chuvia tamén é superior ao agardado.*



### SANTIAGO

	DECEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.1	9.8	12.2 (1989)	7.8 (2001;90)
Tª mínima media	5.1	6.3	9.6 (1989)	3.3 (2001)
Tª mínima absoluta	-2.6 (día 20)	-3.0 (25/12/2001)		
Tª máxima media	11.2	13.2	14.8 (1989)	11.8 (1982)
Tª máxima absoluta	17.3 (día 10)	24.0 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	421	185-283	782 (2000)	15 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	19	16	28 (2000)	5 (1988)

#### Comentario:

*Mes frío en canto as temperaturas mínimas e mesmo moi frío no que respecta a temperaturas media e máxima\*\*.*

*A precipitación e o número de días de chuvia é moi superior ao normal; o mes pode considerarse “moi húmido”.*

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

\*\* hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003)

### LUGO

	DECEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	5.9	6.9	10.0 (1989)	3 (2001)
Tª mínima media	2.4	3.6	7.1 (1989)	-1.6 (2001)
Tª mínima absoluta	-6.8 (día 20)	-9.1 (17/12/2001)		
Tª máxima media	9.9	10.2	12.9 (1989;87)	7.4 (1980)
Tª máxima absoluta	16.5	22 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	179	112-132	510 (1978)	15 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	16	15	27 (2000)	2 (2001)

#### Comentario:

*Mes frío en canto as temperaturas medias e mínimas, mentres que normal no que respecta a temperatura máximas.*

*A precipitación e os días de chuvia son superiores ao valor normal, polo que o mes pode considerarse “húmido”.*



### PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	DECEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.7	10.1	13.4 (1989)	7.9 (2001;75)
Tª mínima media	6.0	5.9	10.2 (1989)	2.6 (2001)
Tª mínima absoluta	-2.6 (día 20)	-5.7 (25/12/1994)		
Tª máxima media	14.1	14.3	16.6 (1989)	12.6 (1973)
Tª máxima absoluta	18.7 (día 28)	25.5 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	253	194-269	881 (1978)	24 (1988)
Días de chuvia ( $\geq 1$ mm)	16	15	28 (2000)	4 (1988;74)

Comentario:

*Mes frío no que respecta ás temperaturas máximas e medias, respecto ás mínimas o mes pode considerarse normal.*

*A chuvia recollida está dentro da normalidade, mentres que os días de chuvia son lixeiramente superiores ao agardado.*

### OURENSE

	DECEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.2	8.5	11.9 (1989)	4.8 (2001)
Tª mínima media	5.0	4.3	8.7 (1981)	-1.8 (2001)
Tª mínima absoluta	-3.1 (día 20)	-8.6 (25/12/2001)		
Tª máxima media	11.8	12.7	15.3 (1989)	9.1 (1980)
Tª máxima absoluta	18.2	22.4 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	184	85-111	405 (1978)	5 (1988)
Días de chuvia ( $\geq 1$ mm)	15	12	23 (2000)	2 (2001;88;75;74)

Comentario:


*Mes frío en canto as temperaturas máximas con un grado inferior ao valor agardado. No que respecta ás temperaturas medias e mínimas o mes pódese considerar normal.*

*O número de días de chuvia e a precipitación é bastante superior ao normal, polo que o mes pode considerarse "moi húmido".*




### 3.- Mapas

#### 3.1.- Anomalías de presión en superficie






### 3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa





### 3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx – 12/2009

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)






### 3.4.- Temperatura media das mínimas





**3.5.- Chuvia acumulada (litros/m<sup>2</sup>)**



Chuvia -- 12/2009

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)